

Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

EMPRAZAMENTO ÁS PERSOAS INTERESADAS NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PROCEDEMENTO ORDINARIO 128/2025 QUE SE SEGUE NO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE VIGO

ANUNCIO PARA EMPRAZAR ÁS PERSOAS INTERESADAS NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PROCEDEMENTO ORDINARIO 128/2025 QUE SE SEGUE NO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE VIGO

O Concello de Vigo recibiu oficio do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, no que se require o emprazamento de cantas persoas aparezan como interesadas no recurso contencioso-administrativo que se segue no procedemento abreviado 128/2025, interposto por R. Soler Vidal, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024, de resolución dos recursos de reposición presentados contra as bases específicas dos procesos selectivos das OEP 2020-2021-2022, da 2ª Fase.

O acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 24 do 05/02/2025, e no Diario Oficial de Galicia nº 44 do 05/03/2025.

En consecuencia, este concello acordou, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, o envío do correspondente expediente administrativo ao antedito xulgado. O que se publica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no referido xulgado, no prazo de nove días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

MDG/MVG

Vigo, data da sinatura dixital.

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:4HA0XX7ZY0OE602L

